

PROGRAMACIÓN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

IES "G. TORRENTE BALLESTER"

Curso Académico 2016-2017

Os alumnos que asisten á aula de P.T., presentan dificultades no seguimento do currículo de referencia, debido fundamentalmente a casuísticas diversas.

Estas dificultades de aprendizaxe están relacionadas con:

- O desenvolvemento da linguaxe: vocabulario, fluidez e codificación.
- Comprensión lectora, escritura e ortografía.
- Habilidade visual e atención.
- Habilidades conceptuais: conceptos numéricos, procesos aritméticos, razoamento aritmético, información xeral, clasificación e comprensión.
- Autoestima e autoconceptos baixos.

Ademais, engadir que tamén son obxecto de atención na aula de P.T., o alumnado estranxeiro (maioritariamente de orixe magrebí), que no momento de incorporarse ao Centro presentan un total descoñecemento das dúas linguas oficiais, pola incorporación tardía ao sistema educativo español. O traballo con este alumnado require poñer en funcionamento axustes pertinentes (na metodoloxía, nos materiais didácticos con apoio visual, na tipoloxía das actividades...) encamiñados a lograr o maior desenvolvemento posible.

Unha vez detectadas polo titor/profesor de área as N.E.A.E. e logo da valoración da xefa do D.O., axustarase a intervención ao reflectido nas orientacións para traballar co alumno/a que consten no informe emitido pola orientadora.

Para os alumnos con desfase curricular traballarase de acordo á súa ACS.

OBXECTIVOS XERAIS

En función do exposto anteriormente, na aula de P.T. priorízanse unha serie de obxectivos que pretenden traballar as estratexias de base que xeralmente estes alumnos/as non teñen ou están nun estado deficitario e que se poden concretar en:

- Exercitar as habilidades do pensamento, potenciando a capacidade de razoamento abstracto, lóxico e numérico.
- Mellorar a comprensión lectora e lograr unha maior fluidez no uso da linguaxe oral e escrita.
- Desenvolver a atención aumentando a capacidade de fixación.
- Flexibilizar o pensamento, incentivando un modo de producir creativo.
- Mellorar o autoconcepto e a autoestima como motor principal de todo progreso académico e persoal.
- Desenvolver hábitos de traballo.

OS CONTIDOS A TRABALLAR E AS ACTIVIDADES A DESENVOLVER

Estarán orientadas ás necesidades educativas concretas dos alumnos/as que reciben atención directa de P.T., tendo como meta o máximo desenvolvemento posible das competencias básicas, en función das necesidades específicas que presenten os alumnos/as.

Como parte do desenvolvemento do plan lector na aula de P.T, contéplase o traballo con relatos curtos, a modo de contos que conseguen espertar o interese e o gusto pola lectura.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Pódense establecer os seguintes principios básicos:

- A aprendizaxe será activa, priorizando o uso de técnicas e estratexias que favorezan a experiencia directa, a reflexión e a expresión.
- A aprendizaxe será individualizada, ofrecendo a cada alumno/a unha axuda pedagóxica o máis axustada posible.
- A aprendizaxe será significativa, partindo sempre do nivel de desenvolvemento educativo do alumno/a (coñecementos previos), para traballar a zona de desenvolvemento proximal.
- Utilizaranse técnicas e estratexias diferentes, que se adapten aos diversos estilos de aprendizaxe dos alumnos/as.
- A aprendizaxe será afectiva, establecendo unha comunicación empática co alumno/a na que se sinta aceptado/a e valorado/a como persoa, para que se produza unha interacción educativa axeitada, mantendo sempre expectativas positivas.

RECURSOS

Cando falamos de recursos no ámbito educativo estámonos a referir a todos aqueles elementos que, dunha forma ou doutra, nos serven para facilitar tarefas conducentes a unha aprendizaxe significativa. Diferenciamos recursos persoais, materiais e organizativos.

Persoais:

Internos: PT, orientadora, titores, equipo directivo, compañeiros dos alumn@s... Debemos manter unha axeitada colaboración entre profesor/a- titor/a- orientadora- PT.

Externos: familias, EOE, outros centros educativos, etc.

Materiais:

A organización do material da aula de apoio está marcada pola flexibilización e a adecuación ás NEAE que presenta o alumnado. Contamos con dous tipos de materiais: comercializados e confeccionados por nós (manipulativos, simbólicos, medios audiovisuais e informáticos, material funxible, diferentes fichas ...).

Os alumnos/as que o precisen traballarán cun material adaptado dentro da aula ordinaria. Na aula de apoio a profesora de PT elaborará o material máis axeitado para cada alumno/a tendo en conta as súas necesidades, capacidades, intereses, ritmo de aprendizaxe,...

Organizativos:

Espazo: A aula de PT, aulas ordinarias...

Tempo: Elaboración de horarios.

AVALIACIÓN

A avaliación do traballo realizado na aula de P.T. ven marcada polas seguintes pautas:

- É considerada como un mecanismo de análise, imprescindible para o deseño das estratexias a aplicar.
- Será formativa, utilizando un proceso de retroalimentación continuo de forma que permita axustar a intervención para reforzar os éxitos e xestionar os erros.
- Será cualitativa, atendendo fundamentalmente ao que o alumno/a aprende tendo como referencia máxima o seu punto de partida.

Pontevedra, a 12 de setembro de 2016

A profesora de Pedagogía Terapéutica